



NORMAS DAS ACTIVIDADES

1. ESTA ASOCIACIÓN

Tanxedoira **NON** é unha academia. Cómpre recordar que os monitores están a entregar o seu tempo e os seus coñecementos sen recibir nada a cambio, é dicir, dun xeito altruísta.

2. INSCRICIÓN

- o A inscrición farase nas datas sinaladas pola directiva. Este prazo poderá ser ampliado a criterio da mesma.
- o O feito de inscribirse **non significa** estar xa dentro da actividade: todo depende do número de prazas e traxectoria anterior do alumno (de non ser novo), así como o consello dos monitores.
- o A inscrición presentárase cos datos claros e as actividades colocadas por orde de preferencia.
- o É imprescindible ter a cuota ao día para poder anotarse, podendo ser motivo da non inclusión na actividade, en caso de xa seren socios desde anos anteriores. No caso dos novos socios, deberán facilitar os datos correspondentes que lle solicite a entidade para poder facer efectivo o cobro da cuota.
- o No caso de actividades co número de prazas limitadas, os criterios de entrada serán: ter a cuota ó día, ser monitor ou membro dos grupos artísticos (teatro, coro e rondalla), orde de entrega da solicitude, traxectoria de faltas e actitude positiva.

3. HORARIOS

- o Os horarios das actividades estableceranse **con respecto á dispoñibilidade dos monitores**. As actividades rematarán co horario marcado para cada unha delas.
- o Se coinciden dúas actividades contiguas no mesmo día e unha delas precisa recollida ou limpeza especial, haberá entre elas **15 minutos** de separación como mínimo, establecido pola xunta directiva.
- o Se hai unha actividade eventual que ocupe outra actividade, esta poderá cambiar o seu horario ou suspenderse, sempre que haxa consenso entre monitores afectados e/ou a directiva.

4. FALTAS

- o Poden ser motivo de baixa da actividade ou amonestación por parte dos monitores aqueles alumnos que de xeito **reiterado e inxustificadamente** falten durante o curso.
- o As faltas que se vaian a producir, das cales o alumno teña coñecemento previo, deberán poñer en **sobre aviso** ao monitor con anticipación suficiente para poder actuar.
- o Os monitores serán os encargados de comprobar a asistencia dos alumnos.

5. LIMPEZA

- o A limpeza implica varrer, limpar o po, o baño e pasar a fregona, ou calquera outra actuación que se considere oportuna.
- o Esta limpeza será organizada polo vogal designado e supervisada polos monitores ou delegados.
- o Os alumnos **predominantemente de adultos** das actividades comprometeranse na limpeza do local, e así o aceptan ao formalizar a inscrición.
- o O alumno destas actividades que se negue sen motivo debidamente xustificadamente a participar na limpeza poderá ser expulsado da actividade ou amonestado polo monitor.
- o O día da limpeza poderá coincidir co da actividade.
- o No resto das actividades os alumnos **axudarán** a recoller, así como pór os recursos necesarios para garantir unha boa orde e hixiene do local.